

CANDO MARCHA A LUZ

*los apagones
permiten que uno trate
consigo mismo*
M. Benedetti

Na verdade non lembro exactamente que era o que estaba a facer cando marchou a luz. Sei que o primeiro que fixen foi ollar pola xanela a ver se era cousa da casa ou se era de toda a zona. No verán acostumaba haber ese tipo de contratempos. Si. Agora lembro. Estaba co computador. A escribir. O romance. Aquel ditoso romance. Levaba seis meses dedicándolle o meu tempo a ese romance que se resistía a ser escrito. Seis meses alá arriba. Tratando con xente que me dobraba a idade. Con dous nenos aos que eu lle cuadruplicaba a idade. Naquela casa. Unha das poucas cousas que herdei dos meus pais. O resto fora repartido polos meus irmáns. “Repartido” é un aforismo demasiado descafeinado para describer o que na realidade fixeran. Mais bo, aí queda ese aforismo. Deixemos a descuberta das palabras tabús para outra ocasión. “Deixádeme a casiña do Outeiriño”, dixeran un día. Eles riron: “ese palleiro”, dixeran o meu irmán cun aceno de noxo. “Si”, afirmara eu, “ese palleiro onde a mamá naceu”. Tardara dous anos en rehabilitar a casa. Fixérao eu só. Bo, coa axuda do meu curmán. Quedara espléndida. Unha porta de carballo, dous fachinelos e unha xanela que ollaba para a estrada que partía en dous a aldea. Até alí a trouxera, o segundo mes de a coñecer. “Aquí será onde eu morra”, díxeralle. Pensárao no momento. Até ese instante nunca pensara onde gustaría de morrer. Quen pensa nesas cousas? Só os vellos, os que ven o seu fin preto, como algo inminente. Eu non o pensara antes. Dixérao para impresionala. “Si”, reafirmara, “nunha camiña, unha noite de inverno, rodeado pola familia, desde a miña dona, pasando polos meus fillos até o tataraneto que terei e que sempre terá a imaxe do seu tataravó como alguén mui, mui chuchado mais cunha mente mui, mui lúcida”. Fuxindo dela cheguei alí. Co meu portátil, un mazo de quiñentas follas recicladas e catro mudas de roupa. Fuxindo dela e da miña vida. Chegara unha tarde chuviosa de xaneiro. Os ecos das festas de Natal aínda resoaban. Fora no Natal onde todo estourara. Pola miña parte. Pola súa parte. Levabamos muito tempo tragando e tragando, mastigando e mastigando, todos aqueles reproches, todos aqueles rancores, todas as ofensas, todos os egoísmos. A realidade. A realidade de que a nosa relación xa rachara. Por todas as partes. Por todas as partes e que xa non había por onde comezar a remendala. “Marcho da casa”, díxenlle aquela mañán; “para onde?”, preguntou ela, aínda que, na realidade, eu vía nos seus ollos que non tiña interese en sabelo ou, se callar, xa o sabía: “para o Outeiriño”, díxenlle finalmente, coa mala na man. Cando cheguei había por toda a casa capas e capas de po. Quilómetros e quilómetros de teas de araña. Abrín a xanela e os fachinelos e deixei que o ar a pechado morrera asasinado pola frescura de fóra e que o chan cuberto de poeira fora mollado pola poalla que entraba, empurrada polo vento. Lembro que deixara aparcada a mala e o portátil nun recanto; dirixinme á cama, tireille o cobertor, estendín o saco de durmir que tiña no armario e durmín, eu non o sabía, as miñas últimas dez horas. Desde aquela sufro de espertina. Ollando pola xanela, momentos despois de que marchara a luz, penso en todo iso. Penso nos meus irmáns. Penso nela. Penso nos meus pais. Penso no Outeiriño. Penso no romance. Penso na miña vida. A escuridade estendérase por toda a aldea e só as estrelas daban algo de luz. Ollo para o cadrante luminoso do reloxo e indícame que nin son as doce da noite. Aínda falta para que me chegue o sono. Normalmente vén ás tres da

mañán. A esa hora estou xa na cama, cun libro nas mans. Agora estou con Os Maias, algo pesado para que chegue o sono con forza. Co libro nas mans adormezo. E así estou unha ou dúas horas. Despois, a iso das catro e media, érgome, tomo unha tila ou leite, dependendo da fame que teña, e pónome de novo diante do computador. Hai veces que, se non chove, me dá para dar unha volta pola aldea. A esas horas da madrugada. Cando todos os contos, hestorias e lendas que me ten contado a miña familia, desde a miña avó até a miña nai, agoman na miña mente, e unha sombra logo é o tardo, que está á túa espera, ou no cemiterio vello hai unha actividade inusual, ou unha presenza acariña o teu ánimo arrepiándote. Para min, sen ese lastre de contos de santas compañas e espíritos, a aldea de madrugada é o súmum do silencio e da tranquilidade. A segunda tanda de sono vén ás seis, normalmente maldormo un par de horas, pasando por sono, máis que nada. Co alborear esperto do sopor e xa non hai nada que me faga durmir. Así paso as noites.

Os días son de outra maneira. Ás nove, duchado e barbeado, collo o carro e vou á vila máis achegada, que está a pouco máis de dez quilómetros. Alí compro os xornais, a confeitaría acabada de facer, as cousas que me fagan falta para o xantar e a cea, e volvo para a casa após unha hora. Fago o almorzo, que normalmente é croissant ou torradas con manteiga e mermelada e café ou cacau, todo regado con zume de laranxa acabado de exprimir e meo limón e a luz do estreado día a escoar pola xaneliña. Acompaño o almorzo coa lectura dos xornais, lectura que acabo na entrada da casa, sentindo o fresco ar da mañán, os paxariños a voar por aquí e por alá, os cans a ladrar, voces apagadas da xente a falar pola rúa e as canellas, e a quentura tímida do estreado día a acariñarme nas buchechas. Logo volvo pórme diante da computadora. Até a unha. Fago o xantar. Paso por sono media hora ao acabar de comer. Logo dou unha volta pola aldea, polo monte, polo bosque. Converso cos veciños, chancoo cos rapaces, xogo a partida na taberna do tío Nando. A iso das nove subo para a casa. Miro a tevé mentres ceo algo lixeiro. Enfróntome de novo ao portátil. Volve comezar a rutina.

Saio da casa. Fóra vai frío, mais un frío soportábel. Non teño ánimo de pasear. De feito, non teño ánimo de nada. A novela. Estaba a escribir na novela. E marchou a luz. Xusto cando me sentía, pola primeira vez en muito tempo, con ideas, con ganas de escribila. Xusto cando á batería do portátil lle faltaba un sopro de enerxía. Xusto cando tiña a sensación de que o meu escuro futuro podía ter unha sombra de claridade, marchou a luz.

Entro de novo na casa. Acendo unha vela. Vou ao louceiro e collo unha copa e unha botella de aguarde. Encho só o cu do vaso. Cheiro o forte recendo. Bebo. Neses momentos decátome de que non penso en nada. Só saboreo a caña, brevemente retida contra o meu padal, antes de a deixar escorregar pola miña gorxa, deixando que me queime por dentro. Pásaseme pola cabeza a idea de me emborrachar. Había tempo que non o facía. Houbo un tempo que, ás veces, iso servíame coma refuxio. Facíame ben. Desconectar de todo. Lémbrome de María. A bela e amada María. Con ela emborráchame máis dunha vez. Con ela fodera máis dunha vez. Alegrárame os derradeiros anos de universidade e os primeiros de desemprego, cando todo era escuro, terríbel e desesperado. Lembreime das escenas máis terríbeis e das cenas máis fermosas da miña historia con ela. Aqueles anos... Volvín encher o cu do vaso, quizá un chisco máis. Seguí a pensar en María. O seu cabelo rizado e roxo. Os seus ollos de amendoa. A súa risa saltarina. A súa taza de Homer. A súa pixama de abella Maia. Os seus cadros de Klimt. A súa paixón por Cesaria, Silvio e o Zeca. A forza do seu abrazo no seu orgasmo. A súa humidade. O seu cariño. O seu amor. Ela toda. É raro. Lembrarme dela por mor dunha grolo de aguarde. Neses momentos invádeme unha inmensa melancolía. Non sei en concreto por que, de que. Simples melancolía. Se callar polo

tempo pasado. Polo pasado. Se callar por aqueles anos nos que inda tiña moitos proxectos... Inda non fun ao Imperio austro-húngaro. Aquel soño de percorrer o centro de Europa, o antigo Imperio austro-húngaro en carro, como o falamos eu e máis o Xá Tomé. O Xá Tomé. Onde andaría? Tanto falamos de facer aquilo e aqueloutro... El adoraba a música. Após licenciármonos marchou e nonouben máis del... Tantas cousas... Tantos proxectos... Con María pensamos en ir por todo o antigo Reino da Galiza... Eramos moi románticos, doume conta agora, a vivir no pasado, no suposto bo pasado, pretendendo fuxir daquel presente que nos abafaba e ignorando aquel futuro que nos arrefaciaba... Ir desde Compostela a Braga, pasando por Tui, Porto... a Coimbra, ao Mondego, subir por Trás-os-Montes, León, Astorga, Oviedo, Lugo... aquel prometía ser un verán inesquecible... Verán que nunca chegou. Onde nos separamos? Tentei pensar en que punto foi que descarrilou o meu tren, onde me perdín, onde me monotoniciei, onde casei cunha muller que non quería, que no fondo non quería, que inda naqueles momentos teimaba por querer, onde cheguei a esquecer todo aquilo no que cría e polo que vivía, onde perdín a miña facilidade e felicidade natural para escribir... Os pensamentos ían e viñan, as lembranzas, as sensacións, os sentimentos... todo acumulábase e vazábase a ritmo de tango, sen me deixar alento, nin pausa, nin tregua. Sen saber moi ben como tócome co móbel nas mans. Tócome buscando o número de María. Inda terá este número?, preguntome, mais inda non acabara de me facer esta pregunta, xa estaba a premer o botón de chamada.

O meu corazón báteme con forza, impulsiona litros de sangue alcoholizada a todos os recunchos do meu corpo, que tocan con forza a melodía cardíaca. As temporas bátenme con forza até case facerme enlouquecer. Treme a man que sostén o aparello polo cal ouvo os tons que me indican que, no outro lado, hai un móbel que está a soar.

Os tons interrómpanse co son dunha voz. Feminina. A miña memoria brevemente ten que usar o machete clarificador entre as tebras da miña mente para resgatar a lembranza da voz de María, aínda máis rouca e cálida, que pregunta quen é. “Son eu”, digo. Non digo o meu nome adrede, coa esperanza non formulada de que ela teña mellor memoria e, desprevida, lembre inmediatamente o dono desa voz que a inoportuna a esa hora da madrugada. Tras un breve silencio, que enchín con outro grolo de caña, un “ola” recoñecedor cortou a noite e paríu as miñas esperanzas. Era un “ola” a medio camiño entre a alegría e o fastío, entre o espertar e o sono, entre o pasado e o presente. “Desculpa por te chamar a estas horas”, comecei a dicir, “e despois de tantos anos”, continuou ela. Quedei calado: ese contraataque non o esperaba; ao menos tan pronto. “Xa”, admitín eu, “moitos anos, si...”. Non sabía como seguir e, o máis importante, que dicir. Non sabía, na verdade, que era o que pretendía chamando a alguén que non vía desde había máis de dez anos, coa que non tiña ningún tipo de contacto, que enterrara había tempo xunto con gran parte dos meus soños e planos. “Estás borracho, verdade?”, adiviñou ela; ela, coa que tanta cervexa compartira, tanta vodka, tanto haxixe. “Un pouco”, admitín. “E só”, sentenciou. “Si”, admitín, de novo, tras notar como o meu corazón paraba, sorprendido máis ca min con aquela verdade que, pola primeira vez, se facía realidade, se admitía, se ouvía por alta voz. Estaba borracho e só. Só. “Chameite só para saber da túa vida”, dixeran finalmente, co alcohol acurralado nun recuncho do meu corpo e da miña mente no cal non podía influír en min, asustado polas palabras, claras e contundentes, de María. “Chameite”, proseguín, “porque levo seis meses separado da miña muller, máis tempo sen que escribir me encha como o facía antes, e anos sen me encotrar a min mesmo, e tivo que marchar a luz, tiven que beber alcohol para lembrarme de ti e de todo o que significache na miña vida, e botarte de menos, como nunca o fixen”. Do outro lado da liña non houbo resposta. Vagamente ouvía a súa respiración. Lembreime da súa respiración cando, ás escuras, comezaba a tocala. Aquela

respiración que acababa converténdose nunha fervenza de arquexos. Boteina máis de menos. “Estás feito unha merda”, sentenciou finalmente ela. “Si”, volvín admitir eu. E rin. Rin porque era verdade. Era verdade que estaba feito unha merda, que a miña vida tiña sido unha merda até ese momento. “Eu”, comezou a falar, “sigo aquí, na cidade que un día dixeches amar tanto. Sigo vendo a Uxío e a Vinicius e a Francisca. Traballo coma mestra ás aforas. Leo o que soía ler cando estabas aquí, escuto o mesmo tipo de cancións que escutaba, vivo na zona vella e os fins de semana, cando non saio de viños, vou coñecer ou recoñecer recunchos da terriña. Teño estado en Viena, en Coímbra, en Budapest, en Astorga. Ás veces colaboro nunha revista cultural, visito os meus pais e irmás cando me dá por aí. Ás veces coñezo homes que enchen a miña vida durante épocas máis ou menos longas. Vivo na zona vella, preto do Cruceiro. Son todo o feliz que podo. Non me queixo”. Escutei as súas palabras, alegrándome e entristecéndome ao mesmo tempo. Fora ao Imperio austro-húngaro, fora ao Reino de Galiza. Traballaba do que gostaba. Vivía onde sempre tiña querido vivir. Tiña unha vida que decidira ter. Non se perdera polo camiño. Alegrábame e entristecíame á vez.

Estivemos a falar muito tempo, muito. Pouco a pouco, os remorsos, as cordas, as reticencias, foron pasando, fóronse soltando; pouco e pouco os reproches, as podremias, as bágoas poeirentas, foron saíndo; aos poucos, a amizade, o cariño, o amor, foron rexurdindo. Coas primeiras gargalladas conxuntas, a luz volveu, deixándome cego de felicidade. Acendín o computador e comecei a lerlle fragmentos da miña novela, cousas que tiña escritas por aquí e por alá. Coa alborada, as primeiras luces do día sorprendéronme co móbel a arder nas mans, con bágoas nos ollos e un sorriso que teimaba en caír do meu rosto.

Unha semana despois, unha mañá, tras preguizar un pouco na cama, érgome, dúchome, fago o almorzo, torradas con manteiga e mermelada e café, todo regado con zume de laranxa acabado de esprimir e medio limón e a luz do estreado día a escoar pola xaneliña. Acompaño o almorzo coa lectura da recién concluída novela. Logo, recollo as cousas, deixo todo limpo, collo a mochila e un par de saquetas, a computadora, baixo á rúa, meto as cousas no maletreiro, entro no carro, sinto a friaxe do asento, arrepióme, aspiro o fresco ar, sorrió antes de acender o motor.

Ao pouco bota a andar o vehículo, dirección a aquela cidade que dicía querer, que espero requerer. Dirección a unha vida que deixei en suspenso hai tempo, que espero retomar.